



A mocidade e as TIC


Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Índice

	Páxina
I Introdución	3
II Incidencia dos xóvenes no equipamento TIC dos fogares	5
III Incidencia dos xóvenes no uso das tecnoloxías	14
V Conclusións	22

I. INTRODUCCIÓN





Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

Marco estratéxico: Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.



Obxectivos

Evaluar a incidencia da presenza de nenos/as e xóvenes no fogar en relación ao equipamento e uso das tecnoloxías da información, a partir de datos propios do OSIMGA obtidos no marco do convenio asinado co IGE .

II. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO EQUIPAMENTO TIC DOS FOGARES






A porcentaxe de fogares con ordenador nos que conviven nenos en idade escolar obrigatoria supera en 18,7 puntos porcentuais á media autonómica.

Fogares con ordenador segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

O 89,6% de vivendas con nenos/as de entre 3 e 16 anos dispón dalgún tipo de ordenador, fronte ao 65% dos fogares onde non residen nenos/as (24,6 puntos de diferenza).

Fogares con ordenador segundo a convivencia con estudantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)


Nos fogares nos que se convive con estudantes maiores de 16 anos, a dispoñibilidade de ordenador acada o 92,7%, fronte ao 69,3% dos demais fogares galegos.



Tanto a convivência com nenos/as como com estudantes maiores de 16 anos tem unha influencia positiva na contratação de Internet

Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

A presenza de nenos en idade escolar no fogar incrementa a dispoñibilidade de Internet en 22,6 puntos porcentuais respecto dos fogares onde non conviven con nenos/as.

Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con estudiantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

A contratación de Internet é 22,4 puntos porcentuais superior cando nos fogares residen estudantes maiores de 16 anos.



Existe unha clara correlación entre a presenza de nenos/as e estudantes nos fogares e a actitude positiva cara ás novas tecnoloxías

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con nenos/as

MOTIVOS	CONVIVENCIA CON NENOS/AS (%)		TOTAL (%)
	Con nenos / as en idade escolar obrigatoria	Sen nenos / as en idade escolar obrigatoria	
Non o consideran útil nin interesante	29,0	68,7	64,9
Non o coñecen	10,2	26,8	25,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	9,4	37,1	34,4
Custos altos dos equipos	49,0	24,8	27,1
Custos altos de conexión	57,5	27,6	30,4
Téñeno noutro lugar	32,4	11,4	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	11,3	5,6	6,2

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

O principal argumento para non dispoñer de Internet nos fogares con nenos son os altos custos tanto de conexión (57,5%), como dos equipos (49%).

Non obstante, nos fogares sen presenza de nenos/as, o principal motivo para non contratar Internet é a percepción de que non lles resulta útil nin interesante (68,7%).

Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado segundo a convivencia con estudantes

MOTIVOS	CONVIVENCIA CON ESTUDANTES (%)		TOTAL (%)
	Con estudantes maiores de 16 anos	Sen estudantes maiores de 16 anos	
Non o consideran útil nin interesante	35,9	65,5	64,9
Non o coñecen	4,8	25,6	25,2
Teñen poucos coñecementos para usalo	15,0	34,8	34,4
Custos altos dos equipos	41,9	26,8	27,1
Custos altos de conexión	51,3	30,0	30,4
Téñeno noutro lugar	60,3	12,5	13,4
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	3,1	6,2	6,2

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)


Os fogares sen estudantes coinciden en apuntar como motivo para non contratar Internet que non lles resulta útil nin interesante. Non obstante, cando no fogar residen mozos/as estudantes maiores de 16 anos, o motivo principal é que dispoñen de conexión noutro lugar (60,3%), seguido dos altos custos de conexión (51,3%).



A conexión a Internet por banda larga nos fogares con nenos/as en idades escolares supera en 22,5 puntos aos demais fogares galegos.

Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con nenos/as

(% sobre o total de fogares)




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

O feito de que no fogar convivan nenos/as en idade escolar incrementa a contratación de banda larga en 22,5 puntos porcentuais respecto dos fogares onde non conviven menores. Comparativamente con Galicia, a conexión por banda larga nestes fogares supera en 17,1 puntos porcentuais ao valor medio da Comunidade.

Fogares con acceso contratado a banda larga segundo a convivencia con estudiantes

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

A presenza de estudantes maiores de 16 anos inflúe en idénticos términos na contratación de banda larga que a convivencia con nenos/as: a contratación de banda larga supera en 22,5 puntos aos fogares onde non conviven estudantes maiores de 16 anos.

III. INCIDENCIA DOS XÓVENES NO USO DAS TECNOLOXÍAS




Uso do ordenador

O uso de ordenador entre as persoas con idades entre os 16 e os 34 anos supera en 24,5 puntos porcentuais á media autonómica.

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

O uso de ordenador nos últimos tres meses entre os xóvenes galegos está amplamente estendido, acadando ao 91,4% da mocidade galega.

Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)


A convivencia con nenos/as en idade escolar fomenta o uso do ordenador, superando en 13,6 puntos á media xeral e en 18,5 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven nenos/as.

Uso de Internet

Ser xoven incide no uso de Internet, incrementándose notoriamente as porcentaxes de usuarios respecto á media galega.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)

O uso de Internet entre os xóvenes con idades comprendidas entre os 16 e 34 anos é practicamente universal (96%), descendendo o uso nos maiores de 35 anos ata o 62,1%.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2012-2015)


O 85,1% das persoas residentes en fogares con nenos/as conectáronse a Internet nos últimos tres meses, fronte ao 65,6% dos fogares onde non conviven nenos/as.

Compra electrónica

O incremento no uso do comercio electrónico é notable entre os máis novos/as, acadando ao 45% da poboación de 16 a 34 anos e incrementándose en 10,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses


(% sobre as persoas que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos /as

(% sobre persoas que usaron Internet algunha vez)



Fonte: OSIMGA + IGE (2014)

Non obstante, a presenza no fogar de nenos con idades entre os 3 e os 16 anos non inflúe significativamente no uso do comercio electrónico.

Trámites coa administración

Os xóvenes internautas galegos de 16 a 34 anos tamén optan con maior intensidade polo uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, especialmente á hora de obter información a través das páxinas web.


Trámites coa administración

(% sobre persoas que usaron Internet nos últimos 12 meses)

TRÁMITES COA ADMINISTRACIÓN			TOTAL
	Xóvenes (16-34 anos)	Maiores (35-74 anos)	(%)
Obter información da páxina web	78,4	64,3	69,1
Descargar formularios oficiais	63,1	52,9	56,4
Enviar formularios cubertos	69,3	60,3	63,4

Fonte: OSIMGA + IGE (2015)

V. CONCLUSIONES



Tanto a convivencia con nenos/as como con estudantes maiores de 16 anos incrementa de forma notoria a dispoñibilidade de ordenador e ten unha influencia positiva na contratación de Internet. A presenza de nenos en idade escolar no fogar incrementa a dispoñibilidade de Internet en 22,6 puntos porcentuais respecto dos fogares onde non conviven con nenos/as.

O principal argumento para non dispoñer de Internet nos fogares con nenos son os altos custos tanto de conexión (57,5%), como dos equipos (49%). Non obstante, nos fogares sen presenza de nenos/as, o principal motivo para non contratar Internet é a percepción de que non lles resulta útil nin interesante (68,7%). No caso de que no fogar residan mozos/as estudantes maiores de 16 anos, o motivo principal é que dispoñen de conexión noutro lugar (60,3%), seguido dos altos custos de conexión (51,3%).

Máis do 90% dos fogares con nenos/as e/ou estudantes conta con acceso a Internet a través de banda larga. É especialmente frecuente cando conviven estudantes maiores de 16 anos, superando en máis de 20 puntos porcentuais a media autonómica de contratación de banda larga.

A convivencia con nenos/as en idade escolar fomenta o uso do ordenador, superando en 13,6 puntos á media xeral e en 18,5 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven nenos/as.

Ser xoven incide no uso de Internet, incrementándose notoriamente as porcentaxes de usuarios respecto á media galega. O uso de Internet entre os xóvenes con idades comprendidas entre os 16 e 34 anos é practicamente universal (96%), descendendo o uso nos maiores de 35 anos ata o 62,1%.

O comercio electrónico está a medrar moi rapidamente entre os grupos de poboación máis nova, acadando o 45% entre as persoas de 16 a 34 anos, incrementándose en 10,6 puntos porcentuais no último ano.

Os xóvenes internautas galegos de 16 a 34 anos tamén optan, en maior medida, polo uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas, superando amplamente as porcentaxes que rexistran o resto de internautas.

